

CALOR-CAFÉ DO PROGRAMA SISIFO

Descrición

Atención a persoas drogodependentes e colectivos especialmente vulnerables en situación de emerxencia social, en relación a necesidades básicas (de alimentación, de hixiene e lavandería), información e xestión para o acceso a recursos sociais e documentos, derivacións, dispensa de material preventivo para o consumo de drogas e sexualidade, intervencións motivacionais e cursos de saúde.

Destinatarios/as

A diario acoden ao servizo unha **media de 25 persoas**

Obxectivos

1. Intervir no ámbito da diminución de riscos e redución do dano, ofrecendo un recurso de Calor-café para o grupo de drogodependentes en situación de emerxencia e/ou máis desprotexido a nivel social.
2. Facilitar o acceso e integración de persoas drogodependentes á rede asistencial a través dun traballo individualizado de motivación e derivación.
3. Facilitar o acceso ao sistema sanitario ás persoas usuarias do programa co obxecto de diminuír a incidencia das enfermidades máis prevalentes nestes perfís (VIH e Hepatite).
4. Intervir, de xeito individualizado, con aquelas persoas que amosen interese en desenvolver estratexias de autocontrol enfocado ao consumo de sustancias.
5. Promover e desenvolver actividades formativas e informativas relacionadas co ámbito das drogodependencias, VIH, Hepatite e exclusión.

Actuacións realizadas

As intervencións desenvolvidas no proxecto pódense clasificar en:

- 1) Atención de necesidades básicas
- 2) Intercambio de xiringas
- 3) Dispensa de material preventivo
- 4) Información e asesoramento
- 5) Achegamento á rede asistencial
- 6) Derivacións á rede asistencial

Lugar

O local está situado no Barrio das Flores, C/ Azahar, Bloque 48, Portal 10-baixo, 15008 A CORUÑA



Cofinanciado por Concello da Coruña:
3.380,00 €